

A crise do Antigo Réxime Na Idade Moderna reinaban cun sistema económico feudal. Os cambios cara unha **economía capitalista baseada n** e as ideas d (movemento cultural que defendía o poder da razón como ferramenta de progreso) anunciaban grandes cambios no poder e na sociedade.

A Idade Contemporánea comezou a finais do século e estivo marcada por grandes cambios sociais, na economía e por loitas de poder entre unha igrexa e nobreza que non querían soltar poder e riqueza, e as correntes reformistas que aspiraban a unha sociedade máis dialogante, xusta e igualitaria.

- **As revolucións políticas** como a , de supuxeron a fin das **monarquías absolutas** en Europa con tres contribucións :
 - ~ A **soberanía nacional**. O poder político pasa a ser dos cidadáns, é dicir, poden elixir os seus representantes a través do voto nunhas eleccións libres.
 - ~ A **Constitución**. É a lei que recoñece os **dereitos e liberdades** dos cidadáns, **limitando o poder dos reis**.
 - ~ A **división de poderes**. O poder repártese para evitar que o acumulen só uns poucos.
 - O poder **lexislativo** está en mans dun Parlamento para discutir e elaborar as leis;
 - O **executivo** (goberno), que aproba as leis e administra o país (economía, sanidade, educación...);
 - O **xudicial** (xuíces) fai cumprir as leis, xulgando a quen as incumpre.

A liberdade guiando o pobo, Eugène Delacroix (1830).

Representa as revolucións burguesas en Francia durante o verán de 1830.



- **As revolucións económicas;** a e a
 - . As **novas técnicas de cultivo**, como a **rotación de cultivos**, que permitiu eliminar o **barbeito**; o **uso de maquinaria** nova para arar, segar e mallar, e o **cultivo de especies procedentes de América** coma o **millo** e a **pataca**, fixeron que houbera menos fame, subira a natalidade e a xente se puidera preocupar por querer vivir mellor.
 - (1750-1900) iniciase en Inglaterra. A industrialización supón a **producción de bens a grande escala**, con máquinas movidas por **novas fontes de enerxía**. A **máquina de vapor** movida por carbón permitiu a aparición das **primeiras fábricas**, sobre todo adicadas á **industria téxtil** e **siderúrxica** e propiciou o desenvolvemento de **novos sistemas de transporte** como o **ferrocarril** e o **barco de vapor**, que axudaron a conseguir materias primas de lugares afastados e a difundir os bens producidos. Máis tarde o carbón foi substituído polo **petróleo** e a **electricidade** como fontes de enerxía. Desenvolvéronse **novas industrias** (siderometalúrxica, química, etc.), así como **inventos** transcendentais para a sociedade e plenamente vixentes na actualidade (radio, lámpada, teléfono automóbil, etc.).

- Estas **revolucións** causaron **cambios** na **estrutura** social e política europea:

- **Estendéronse os réximes políticos** . **Reduciuse o poder dos monarcas**, pasando a mans de cidadáns, que co voto puideron elixir os seus representantes. (**Constitucións**)
- **Europa** . Os **talleres artesanais** foron substituídos por **fábricas** e os por **e nenos** que traballaban en pésimas condicións.
- **Desenvolvéronse as cidades**. Os **marchaban ás cidades** para traballar nas fábricas (**éxodo rural**). O crecemento foi tan espectacular que moitas tiveron que tirar as murallas e construír novos barrios: **os ensanches**. Os vivían nas aforas da cidade, en suburbios industriais, nunhas condicións de vida moi duras.
- **Loita obreira**. Os obreiros organizáronse en **loitando por melloras laborais**; redución da xornada a oito horas, dereito a percibir prestacións por desemprego ou enfermidade, rematar co traballo infantil, etc.
- **Apareceu unha nova organización social**. Pasouse dunha sociedade estamental dividida segundo a procedencia social en **nobres e traballadores** (artesáns, campesiños); a unha sociedade de clases, na que a riqueza era o primordial para ascender ou descender socialmente. **Nacen** así dous novos grupos sociais: (nova clase media), e (os obreiros).



Guerra da Independencia En España, o **nacemento da Idade Contemporánea** estivo marcado pola **Guerra da Independencia** (1808-1814). , sen resistencia de , conseguiu o trono español e cedullo ao seu irmán, Xosé Bonaparte. Este momento foi aproveitado polo pobo español para elixir os seus propios representantes, que se reuniron nas **Cortes de Cádiz** co fin de expulsar a invasión francesa. Así, o reinado de (1808-1813) fracasou e el mesmo dimitiu e marchou cara a Francia.



O nacemento do liberalismo Os representantes do pobo español reunidos en Cádiz elaboraron a **primeira Constitución española**, " " no ano 1812. Nela recoñécese por primeira vez a igualdade dos **ciudadáns** (nin mulleres nin todas as persoas, só as "importantes") ante a lei, e o seu dereito a elixir goberno mediante o seu voto.

Fernando VII Esta situación duraría pouco, xa que en 1814 retornou e implantou de novo a **monarquía absoluta**. O monarca pechou as Cortes e suprimiu a Constitución. Non contento con isto, tamén **perseguiu aos liberais**, que non se renderon e tentaron volver ao poder a través dos **pronunciamentos**.

As colonias Aproveitando este caos causado pola loita entre liberais e absolutistas, **as colonias españolas en América iniciaron o seu proceso de independencia**. A primeira en conseguilo foi Arxentina no ano 1816, e no 1824 xa a acadaran o resto dos territorios agás Cuba. En oito anos, España xa case perdera o seu antigo imperio colonial.

Isabel II A sucedeuno a súa filla e con ela España converteuse nunha monarquía parlamentaria. Durante o seu reinado enfrontáronse dous grupos políticos:

- . Que pretendían aumentar o poder da raíña (absolutistas).
- . Que tiñan como obxectivo darlle máis importancia á Constitución (liberais).

Durante esta época desenvolveuse o maior proceso de industrialización en España, especialmente Cataluña e no País Vasco. Tamén se estendeu o ferrocarril, o que contribuíu a mellorar o comercio.

A Gloriosa No 1868 unha revolución coñecida como A Gloriosa, provocou o **destronamento de** .

O Sexenio Democrático (1868-1874). Supuxo un salto importante para a democracia, xa que o pobo conseguiu un dereito fundamental: **o sufraxio universal masculino** (Antes só votaban homes importantes, considerados "ciudadáns") mais as mulleres seguían sen poder votar. Os monárquicos trouxeron a (1871-1873), un rei estranxeiro que non tardaría en abandonar o poder, proclamándose así a **I República española** (1873-1874).

Nas Cortes, Emilio Castelar, dirá:

"Señores, con Fernando VII morreu a monarquía tradicional; coa fuxida de Isabel II, a monarquía parlamentaria; coa dimisión de don Amadeo de Saboya, a monarquía democrática; ningún acabou con ela, morreu por si só; Ninguén trae a República, demón tódalas circunstancias, a sociedade, a natureza e a historia. Señores, saudémola coma o sol que sae pola súa forza no ceo da nosa terra.

O 16 de febreiro, nun xornal catalán púidose ler:


"Conseguimos! Xa o temos, cidadáns! O trono caeu para sempre en España. Xa non haberá máis rei que o pobo, nin outra forma de goberno que a xusta, santa e nobre República federal. [...]".

I República española As forzas conservadoras dominantes na historia de España impuxeron unha memoria da Primeira República como un momento histórico caótico e de desgoberno que non é xusta nin responde á verdade. Coa I República conséguense **medidas para modernizar e transformar a sociedade** como a **redución da xornada laboral**, normativa en materia de **saúde e hixiene no traballo**, **reforma agraria** (reparto de terras a labregos), a **prohibición do traballo infantil** ou o **establecemento da educación obrigatoria**, entre outros; e o máis importante, establece un **clima de interese pola educación**, de **apertura intelectual**, de desenvolvemento da prensa (liberdade de expresión) e de aspiración a acadar unha sociedade máis xusta.

Finalmente, un levantamento militar, o do xeneral Pavía, acabou co soño de mulleres e homes que imaxinaban unha España moderna e democrática. Este levantamento deu paso á ditadura do xeneral Serrano que puxo fin a todos os avances e que deu lugar á restauración da monarquía Borbónica na persoa de Afonso XII co regreso do rei en xaneiro de 1875.

A Restauración borbónica O reinado de puxo o broche final a unha etapa de grandes cambios. Este novo período caracterizouse por ser unha monarquía parlamentaria e constitucional. Tras a morte de Alfonso XII, a súa esposa María Cristina ocuparía o trono en nome do seu fillo , aínda menor de idade.

En 1898, España perdeu as súas últimas posesións coloniais (excepto Guinea Ecuatorial): Cuba, Porto Rico e Filipinas.



Transformacións económicas e sociais

O proceso de industrialización foi lento e difícil porque os propietarios agrarios non investiron na súa modernización. A agricultura seguía sendo a actividade económica principal, pero estaba moi pouco mecanizada e precisaba de moita man de obra. A isto sumábase a escaseza de fontes de enerxía e a inexistencia dun mercado potente no que vender os produtos, sobre todo tras a perda das colonias.

Pero esta situación non ocorreu por igual en toda España. En , naceu unha importante industria téxtil, en desenvolveuse a metalurxia, e a minaría, e en despuntou a industria conserveira e de salgadura.

Porén, o grande avance produciuse sen dúbida nos medios de transporte. A partir de 1850 comezaron a aparecer as primeiras liñas de ferrocarril nas principais cidades españolas.

A finais do século XIX as cidades medraran moito e apareceron novas clases sociais: a burguesía e os obreiros.



A cultura e a arte do século XIX

As diferentes correntes culturais e artísticas europeas chegaron a España de forma lenta e progresiva:

O ROMANTICISMO ► É un movemento artístico que sostén que os sentimentos son os que deben inspirar a arte. Foi cultivado sobre todo no ámbito literario por escritores como , Gustavo Adolfo Bécquer ou José de Espronceda.

O REALISMO ► Oponse totalmente ao Romanticismo porque ofrece unha visión obxectiva da realidade. A literatura realista española trata de mostrar os costumes da poboación. Neste senso destacan Benito Pérez Galdós, Leopoldo Alas Clarín ou .

O IMPRESIONISMO ► É un movemento artístico que pretende captar a impresión, o instante e a luz nun momento concreto. As maiores mostras do Impresionismo prodúcense na pintura, disciplina na que destacan artistas como ou Ramón Casas.

DEFINICIÓN	movemento artístico que sostén que son os sentimentos os que deben inspirar a arte	Movemento cultura que busca ofrecer unha visión obxectiva da realidade	movemento artístico que pretende captar a impresión, o instante e a luz nun momento concreto
REPRESENTANTE	Rosalía de Castro	Emilia Pardo Bazán	Joaquín Sorolla